



Resolución do 02 de decembro de 2008, do Director Xerente, no proceso para o ingreso na lista previa na categoría de Licenciado en Veterinaria, convocado por resolución do 23 de novembro de 2007 (DOG do 29 de novembro de 2007), resultante do período de actualización de méritos, pola que se fai pública a ratificación dos membros da comisión de selección; se establecen os prazos e lugares para a presentación de emendas e reclamacións, e se ratifica o nomeamento do asesor de galego.

En virtude das facultadas outorgadas polo Consello de Administración da empresa, e de conformidade co establecido no apartado 3 das bases xerais para a selección de persoal temporal da empresa pública de servizos agrarios galegos S.A., polo sistema de listas previas por categorías, ACORDA:

Primeiro.- Determinar os prazos e lugares de presentación para emendas e reclamacións

Co fin de garantir a maior celeridade posible no proceso de selección para o ingreso na lista previa na categoría de Licenciado en Veterinaria, establécense como días hábiles, a efectos de funcionamento das oficinas de rexistro de SEAGA e de cómputo de prazos sinalados nas bases, tódolos sábados a partir do 13 de decembro (inclusive).

Os lugares habilitados para a presentación de emendas e reclamacións dos candidatos inscritos no proceso de selección de Licenciados en Veterinaria so poderán ser presentadas nos períodos habilitados e nos lugares indicados a continuación:

- nas oficinas do rexistro de Seaga (Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, 15.890 Santiago de Compostela - A Coruña), de luns a venres, en horario de 09:00h a 14:00h e de 16:00h a 18:00h, e os sábados en horario de 09:00h a 14:00h.
- de luns a sábado, en horario de 09:00h a 14:00 horas, nas oficinas sitas en:
 - Rúa Montero Ríos, nº 24 (Antiga Cámara Agraria), 27002 Lugo
 - Rúa do Paseo, nº 22, 1º, 32003 Ourense
 - Praza do Teucro, nº 18, 36002 Pontevedra



Segundo.- Ratificar ós membros da Comisión de Selección

Ratifícase o nomeamento dos membros da Comisión de Selección designados para cualificar o proceso para o ingreso na lista previa na categoría de Licenciado en Veterinaria por resolución de 2 de xaneiro de 2008.

Terceiro.- Ratificar o nomeamento do asesor especialista

Ratifícase o nomeamento efectuado por resolución do 4 de xaneiro de 2008, de D. Manuel Bermúdez Blanco como asesor especialista para a súa colaboración na proba de galego.



Santiago de Compostela, a 02 de decembro de 2008.

Asdo.- Xan Bautista Cambón Rodríguez.

Director-Xerente